

O Coro do Hospital Xeral-Calde de Lugo naceu en 1991 e desde entón ten un amplo percorrido con actuacións tanto en Lugo coma noutras lugares de Galicia e fóra dela, e tamén no estranxeiro: París (na Casa de Galicia, no C.E. Notre Dame e na Igrexa Española), Roma (na Basílica de San Pedro do Vaticano, na Igrexa Española de Santiago e Montserrat e na Basílica de Sta. Marfa Maggiore), Lisboa e outras vilas de Portugal; en xuño de 2005 en Viena (no Palacio de Schonbrunn e na Igrexa de Schwechat).

En abril de 2007 o Coro voa a Bos Aires a convite do "Instituto Arxentino de Cultura Galega", co gallo do Centenario do Centro Galego de Bos Aires. Na capital arxentina celebrou tres concertos.

No ano 2010 a Coral fai unha xira pola República Checa e Hungria, onde cantamos na Basílica de Esztergom e participamos no VIII Encontro Internacional de Coros a cappella de Tát, con coros locais, de Romanía e de Eslovaquia.

Ten participado en varias certames, como concurso "Con música propia", Certame de Corais Galegas Vila de Marín, en varios festivais, mostras e encontros de corais, Mostras de Corais Galegas "Galicia Cantat" e "En Clave Coral", Encontro de Corais Galegas en Vilalba, 26º e 29º Encontro de Coros nas Terras da Feira en Argoncilhe (Portugal).

Boa parte das actuacións da Coral teñen lugar en datas sinaladas do ano, como son o Dia das Letras Galegas, Dia do Enfermo, Colexio de Enfermería, nas festas de San Froilán e no Nadal.

No ano 2001 co gallo do X Aniversario da Coral, editou un CD "Dez anos cantando" e publicou un libro memoria dos seus primeiros dez anos de vida do que se editaron 5.000 exemplares, e no 2011 plasmou o seu traballo num segundo CD "Vinte anos cantando". Coa desaparición do vello complexo hospitalario e a constucción do novo HULA o coro muda o seu nome a "Coro do Hospital de Lugo"

Nestes últimos 10 anos temos levado a cabo proxectos mui ambiciosos, como a gala lírica celebrada en numerosas poboacións de Galicia coa colaboración da Orquestra Clásica de Xove e dirixidos por Xan Carballal, onde ofrecemos ó público unha selección de fragmentos de ópera, cantata e zarzuela con grande éxito, entre os anos 2012 e 2014, facendo especial homenaxe a Verdi e Wagner no 2013, ano do seu centenario.

A gala lírica medrou, e no 2015, coa colaboración do pianista Aurelio Chao, xuntámonos aos coros *Solo Voces*, *Conxunto Vocal LUGH* e *Cantar Delas* para un novo espectáculo lírico, con repertorio renovado o que chamamos "Unha tarde na ópera" que se representou varias veces con enorme aceptación do público.

Nestes últimos anos, desde 2017, o Coro do Hospital estreitou a súa colaboración coa catedral de Lugo participando na misa de Corpus, na Praza de Santa María de Lugo, na celebración de Santa Cecilia na Catedral, colaborando como coro piloto para o Curso de Música Litúrxica desde a súa primeira edición e participando nun dos grandes eventos musicais da cidade, a Noite Coral. En 2018 participou na XLVI Semana de Música do Corpus facendo soar, de novo, como fixéramos no 2009 coa Orquestra Clásica de Xove, o "Te Deum" de Montes, máis esta vez acompañados ao órgano por Esperanza Iglesias Méndez. Tamén ao ano seguinte, na segunda edición da referida Noite Coral, interpretou esta magnífica obra.

**No ano 2019, e despois do parón da pandemia, no 2021, o Coro do Hospital de Lugo, ofreceu un Concerto titulado "O CANTAR da NOSA LINGUA" nos concellos de Lugo, Burela, Monforte, Friol, Meira e a Fonsagrada, con grande éxito de público.**

# CORO do HOSPITAL de LUGO

Director: Fernando G. Jácome

CONCERTO 30 ANIVERSARIO



DÍA 1 DE MAIO ás 20 horas no Salón Rexio do Círculo das Artes



Colabora Círculo das Artes de Lugo



*O Concerto desta noite* pretende ser un percorrido pola música de distintos lugares da xeografía española, onde imos presentar obras que representen as distintas realidades, os distintos folclores e as distintas linguas do estado, con especial mención ó noso país galego. Consideramos importante destacar a incorporación no programa de obras tan significativamente lúcenses como “Negra Sombra” de Montes e Rosalía de Castro ou “Malpocadiño” de Parra Llorente e Vega de Araujo. Ambas obras foron mui habituais no repertorio dos coros lúcenses do século pasado, así como o famoso “San Campio” e vai deste xeito o noso recoñecemento e homenaxe ós nosos predecesores, os coros da segunda metade do século XX, dos que somos debedores.

Alalá de Muxía \* - Canción galega

Isa palmera - Isa Canaria / arr: Manuel Borgunyó i Pla (1884 - 1973)  
Los pastores - Canción da transhumancia / arr: Alfredo Carrión Sáiz (n. 1944)

Si la nieve resbala - Canción asturiana / arr: Julio Domínguez (n. 1965)

San Campio - Suite galega. Letra: Manuel Lago González (1865- 1925) música: Xosé Torres Creo (m. 1939)

Maitia nun zira - Canción do País Vasco / arr: José Uruñuela (1891 - 1964)

El Molinero - Canción burgalesa / arr: Antonio José Martínez Palacios (1902 - 1936)

Eres como la nieve - Canción da montaña de Castela. Cristóbal Halffter (1930 - 2021)

Malpocadiño - letra: Alfonso de Vega Araujo - música: Francisco Parra Llorente (1900 - 1978)

Aubada - Canción mallorquina. Letra: Marià Aguiló i Fuster (1825 - 1900) - música: Miquel Tortell (1805 - 1868)  
Versión coral: Joan M. Thomàs (1896 - 1966)

T'he mirat - Canción catalana. Letra: Joan Farràs (1926 - 2015) - música: Francesc Vila (1922 - 2011)

Ojos traidores - Canción granadina - arr: Ricardo Rodríguez Palacios (1944 - 2015)

Negra sombra - Letra: Rosalía de Castro (1836 - 1885) - música: Juan Montes Capón (1840 - 1899)  
Coro do Hospital de Lugo

Director: Fernando G. Jácome

\*Solista: Alfonso Parga, tenor